



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada 29 de outubro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3 - APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA.

A sra. alcaldesa da conta da proposta de 20 de outubro de 2025, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 23 de outubro de 2025.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA

EXP: 2025/X999/000697

A modificación da taxa polo servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos urbanos é unha obriga impoñida polo Goberno de España que aprobou a Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e Solos contaminados para unha Economía circular. Mediante esta lei preténdese o establecemento dun novo réxime xurídico da prevención, produción e xestión dos residuos e dos chans contaminados. Dita lei entrou en vigor o 10 de abril de 2022.

A Lei 7/2022 no seu artigo 11.3 establece a obriga de *establecer “(...) una tasa o, en su caso, una prestación patrimonial de carácter público no tributaria, específica, diferenciada y no deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por generación y que refleje el coste real, directo o indirecto, de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluidos la vigilancia de estas operaciones y el mantenimiento y vigilancia posterior al cierre de los vertederos, las campañas de*



CONCELLO DE TEO

concienciación y comunicación, así como los ingresos derivados de la aplicación de la responsabilidad ampliada del productor, de la venta de materiales y de energía”.

A lei 7/2022 establece expresamente que a taxa, ademais de obligatoria e diferenciada, non pode ser deficitaria e ademais debe tender a implantar un sistema de pago por xeneración.

Todo isto obrigará a redeseñar o sistema de xeración de residuos e fai necesario a modificación da actual Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana que pasará a denominarse Ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (Servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo e residuos sólidos), a efectos de adaptar o texto e contido da mesma ao disposto na citada normativa estatal.

En todo caso debe terse en conta que da redacción da Lei 7/2022, non é posible extraer criterios claros do lexislador no relativo ao alcance e contido da esixibilidade de levar o principio de “quen contamina paga” , nin do alcance do sistema non deficitario da taxa e tampouco da regulamentación das posibles reducións a establecer, enumerando só as mesmas pero sen establecer criterios para establecelas. En principio o único sistema que parecería respectar escrupulosamente o principio de “quen contamina paga” ao 100 %, esixiría a medición individual dos volumes verquidos e ademais debería inspeccionarse o adecuado contido de cada bolsa verquida, e a mesmo tempo que se puidera identificar ao suxeito que os deposita, a fin de poder individualizar o prezo real a repercutir. Tal sistema será de difícil aplicación en calquera municipio do Estado, tendo en conta realidade actual dos sistemas e dos medios materiais existentes na actualidade.

Atendendo ao disposto anteriormente e tendo en conta a difícil comprensión da Lei, o Concello formalizou o contrato de servizos denominado “elaboración dun informe técnico económico que inclúa un estudo tarifario e unha proposta de tarifas que se poidan establecer na Ordenanza fiscal da taxa de servizo de recollida , tratamento e transporte de residuos sólidos urbanos e a elaboración dun borrador de Ordenanza de xestión reguladora do servizo de recollida, tratamento e eliminación dos residuos, todo elo adaptado Lei 7/2022 de 8 de abril, de residuos y solos contaminados para unha economía circular” coa entidade Into Galicia Consulting, SL.



CONCELLO DE TEO

Visto o citado estudo técnico- económico presentado pola empresa Into Galicia consulting S.L, o mesmo incorporase ao expediente a efectos de dar cumprimento as finalidades previstas na citada Lei 7/2022 e de acordo co que establece o artigo 25 do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

Vistos os informes que obran no expediente, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

A ordenanza fiscal modifícase, en primeiro lugar, para adaptala á Lei 7/2022, de 8 de abril, que outorgaba un prazo ás Entidades Locais de tres anos dende a súa entrada en vigor para aprobar a correspondente ordenanza fiscal ou adaptar a existente.

No Concello de Teo, dende o ano 2005 exíxese a taxa pola prestación del servicio de recollida de RSU, por lo que agora procede adaptar a súa regulación ás directrices da Lei 7/2022, de 8 de abril, e á Directiva 2018/851.

Actualmente o feito impositivo da Ordenanza a modificar recollía esta prestación de servicio de recollida de lixo domiciliario e residuos así como a fase de prerrecollida, recollida e tratamento.

Xunto con estes servizos recollíanse outras actividades diversas que tamén tiñan relación coa hixiene urbana (exp a limpeza de pintadas en valados, muros, fachadas de edificios cando o autor non tivera autorización, a recollida da vía pública, transporte ata o lugar de depósito, permanencia e custodia neste e, no seu caso, posterior devolución dos colectores de residuos de obras da construción etc). Agora as mesmas elimínanse da presente redacción a efectos de que a mesma se adapte ao establecido na citada Lei 7/2022 e na mesma só figure o servizo de prestación obrigatoria, sen perxuízo de nun futuro analizar individualmente ditas tarifas e se estude a posibilidade de aprobación doutra Ordenanza fiscal que recolla algún dos supostos anteriores.

Aproveitando a modificación da ordenanza para a adaptación a Lei 7/2022, actualízanse algún dos seus preceptos por motivos de xestión.

As características principais da modificación da ordenanza fiscal, que cambiará a súa denominación, e pasará a ser Ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (Servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo e



CONCELLO DE TEO

residuos sólidos) son as seguintes:

- Respecto ao artigo 1 establecece a “fundamentación xurídica” da Ordenanza fiscal.
- Respecto ao “feito imponible” (artigo 2), redefínese o mesmo para a clarificación do servizo que se retribúe por medio da taxa adaptando o feito imponible ao disposto na Lei 7/2022, como consecuencia de esta redefinición modifícanse outros artigos, así o artigo 3 “contribuíntes” eliminando os apartados que non fan referencia a acotación anterior do feito imponible e que englobaban outros supostos de hixiene urbana, eliminase o apartado b) do artigo 9 “determinación” dado que o mesmo se refire a estes outros servizos diferentes á recollida e tratamento de RSU e no actual artigo 16 “ ingreso definitivo” eliminase o apartado 2 pois o mesmo se refire aos supostos non recollidos no actual feito imponible.
- O artigo 7 “ exencións e bonificacións” redactase o mesmo para dar cabida ao disposto no artigo 11.4 de la Lei 7/2022 que dispón que a taxa poderá ter en conta a redución para as persoas e as unidades familiares en situación de risco de exclusión social. Neste caso establecece unha bonificación do 100% para unidades familiares en risco de exclusión social, dita circunstancia vira determinada por un informe dos servizos sociais municipais.
- O artigo 10 (definicións) modifícase a efectos de establecer as novas definicións de cada unha das tarifas establecidas no estudo de costes e dos criterios para a determinación das mesmas.
- Elimínase os artigos 12 e 17 “ cotas derivadas de outras prestacións ou actividades” e “ ingreso caucional” dado que se referían as cotas derivadas de outras prestacións ou actividades, esta eliminación leva a adaptar a numeración dos artigos subseguintes.
- No artigo 13 “ tarifas” (que pasará a ser o 12 actual) eliminase a referencia ao incremento do IPC para adaptar o mesmo ao disposto na Lei 2/2015 desindexación que non permite incrementos referenciados ao IPC.
- O artigo 15” Devengo” (que pasará a ser o 14 actual) modifícase a efectos de establecer unha adecuada xestión das altas e declaracións.



CONCELLO DE TEO

- Modifícase o “Anexo” da Ordenanza a efectos de reordenar os epígrafes das tarifas e coas contías derivadas do estudo técnico- económico.
- Engadese unha “Disposición transitoria” a efectos de regular os efectos na aplicación da modificación co seguinte contido:

“Aos procedementos relativos a feitos impositivos reportados con anterioridade a modificación da Ordenanza, seralles de aplicación a versión vixente da Ordenanza reguladora das taxas a data do reporte. En ningún caso se aplicarán, de maneira retroactiva, as tarifas desta Ordenanza Fiscal, aínda que sexan máis favorables ao suxeito pasivo, pois só se aplicarán aos feitos impositivos producidos a partir da data da entrada en vigor da modificación”.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Concello de Teo, que cambiará a súa denominación, e pasará a ser a Ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (Servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo e residuos sólidos), consistente tamén en dar nova redacción aos artigos 1, 2, 3, 7, 10, 15 (artigo 14 actual) e ao Anexo da Ordenanza e en eliminar o apartado b) do artigo 9, o artigo 12, o segundo paragrafo do artigo 13 (actual 12), o apartado 2º do artigo 16 (actual artigo 15) e o artigo 17 e introducir unha Disposición Transitoria, consonte á nova redacción plasmada no Texto Refundido que se incorpora como anexo á presente proposta.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos



CONCELLO DE TEO

diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

TERCEIRO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación

(...)

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (8 PP), catro votos en contra (2 BNG e 2 PXC) e dúas abstencións (2 PSdeG-PSOE), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal do Concello de Teo, que cambiará a súa denominación, e pasará a ser a Ordenanza reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana (Servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo e residuos sólidos), consistente tamén en dar nova redacción aos artigos 1, 2, 3, 7, 10, 15 (artigo 14 actual) e ao Anexo da Ordenanza e en eliminar o apartado b) do artigo 9, o artigo 12, o segundo paragrafo do artigo 13 (actual 12), o apartado 2º do artigo 16 (actual artigo 15) e o artigo 17 e introducir unha Disposición Transitoria, consonte á nova redacción plasmada no Texto Refundido que se incorpora como anexo á presente proposta.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no



CONCELLO DE TEO

Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

TERCEIRO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ACTIVIDADES E SERVIZOS RELACIONADOS COA HIXIENE URBANA. (SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS)

CAPÍTULO 1º . FEITO IMPOÑIBLE .

Artigo 1º . Descrición xenérica

A presente ordenanza fiscal ten por obxecto a regulación da taxa polo servizo municipal de recollida e transporte e tratamento de residuos urbanos xerados como consecuencia das actividades domésticas e económicas, de acordo con o que dispoñen os artigos 4.1 a) e b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de Réxime Local, os artigos 15 a 19, 20.4 s), 24.2 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como as previsións contidas no



CONCELLO DE TEO

artigo 11 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Artigo 2º . Manifestación do feito imponible

1. Integran o feito imponible as prestacións de servizos e a realización das actividades que se reseña seguidamente:

A prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos, locais e establecementos onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, artísticas, de servizos ou calquera outra de carácter meramente social efectuada sen contraprestación.

A xestión de residuos comprende as fases de prerrecollida, recollida e tratamento, así como o seu transporte aos centros tratamento/valorización e eliminación.

A estes efectos, considéranse como residuos municipais os definidos no apartado av) do artigo 2 da citada Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, estando excluídos deste concepto os fluxos de residuos que non se atoparan comprendidos nesa definición coma os refugалlos de tipo industrial, entullos de obra, detritus humanos, refugалlos médicos, materiais contaminados ou contaminantes, corrosivos, perigosos ou aqueles que esixan na súa recolleita a adopción de especiais medidas de hixiene, profilácticas ou de seguridade, conforme ao que estableza a Ordenanza Municipal reguladora do servizo no termo municipal de Teo.

O servizo de recollida de lixo enténdese prestado en todo o termo municipal, sendo de recepción obrigatoria. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas que dite este Concello para a súa regulamentación.

2. Para os efectos da taxa é indiferente que o servizo se preste por xestión directa, a través de órgano mancomunado ou empresas.

CAPÍTULO 2º . SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

Artigo 3º . Contribuínte

Son suxeitos pasivos, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as enti-



CONCELLO DE TEO

dades ás que se refiren os artigos 35 e seguintes da Lei xeral tributaria que, con referencia ás manifestacións do feito imponible recollidas no artigo anterior, se atopen nas seguintes posicións:

1º) Os ocupantes ou usuarios das vivendas e locais nos lugares nos que se preste o servizo, aínda que sexa esporadicamente, xa o sexan a título de propietarios ou por calquera outro (usufrutuário, arrendatario, habitacionista ou mesmo de precario)

Artigo 4º . Substituto do contribuínte

Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ó que se refire o artigo 3.1º desta ordenanza, o propietario das vivendas ou locais, así como as comunidades de propietarios -ás que poderán xirarse a totalidade das cotas que correspondan ó inmovible-, sen prexuízo de que uns e outros, no seu caso, poidan repercutir as cotas satisfeitas sobre os usuarios, beneficiarios do servizo, conforme o artigo 23.2 a) do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, (TRLFL).

Artigo 5º . Concorrenza de suxeitos pasivos

A concorrencia de dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas ou entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria na posición de suxeitos pasivos, determinará a responsabilidade solidaria dos concorrentes fronte á Facenda municipal.

Artigo 6º . Outros responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades en xeral nos supostos e co alcance regulado no artigo 40 da Lei xeral tributaria.

CAPÍTULO 3º . BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 7º . Exencións e bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 11, apartado 4, letra d, da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, aplicarase unha



CONCELLO DE TEO

bonificación do 100 % na cota para os inmobles de uso residencial a favor dos suxeitos pasivos que se atopen en risco de exclusión social, previo informe favorable dos servizos sociais do Concello. A solicitude desta bonificación deberá presentarse antes do 31 de decembro para que teña efectos no exercicio seguinte e deberá ser renovada anualmente. Dita bonificación só alcanzará exclusivamente á vivenda na cal se encontren empadronados no municipio.

Artigo 8º . Reduccións

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

CAPÍTULO 4º . BASE IMPOÑIBLE

Artigo 9º . Determinación

A base imponible da taxa determinarase en atención ás seguintes circunstancias:

A natureza, situación e destino dos lugares ou espazos ocupados polos suxeitos pasivos, no suposto de prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e demais residuos sólidos asimilables.

Artigo 10º . Definicións

Para os efectos desta taxa, os elementos determinantes da base imponible que aparecen reseñados nas correspondentes tarifas responden ás seguintes definicións:

- **Vivendas:** *Entenderase como vivenda calquera inmovible que teña asignado o uso residencial nos datos obrantes no Catastro Inmobiliario, ou que, sen ter tal carácter no mesmo, conste á Administración como susceptible de utilizarse como residencia, obtivera ou non a licenza de ocupación, se esta fose preceptiva. A estes efectos, consideraranse como susceptibles de utilización como vivendas todas aquelas construcións que, tendo solicitado a oportuna licenza, sinalasen como uso ou destino o de vivenda, unha vez transcorrido o prazo máximo establecido para a finalización da correspondente obra.*

A efectos desta taxa, terán a consideración de vivenda, e, polo tanto, serán obxecto



CONCELLO DE TEO

de suxeición de maneira individual, con independencia do réxime civil de propiedade -horizontal ou vertical-, os inmobles que sexan susceptibles de utilización como vivenda ou destino residencial illado doutros locais, aínda que non se procederá á súa división ou segregación en fincas separadas conforme á normativa civil aplicable. A tales efectos, as vivendas sitas en edificios que dispoñan dun acceso por canón de escaleira ou outro acceso común, e que dispoñan de portas de acceso individuais que as separen do canón de escaleira ou análogo, consideraranse como tantas vivendas como accesos separados ao canón principal de acceso existan, aínda que ata ese momento non existise réxime de división horizontal debidamente constituído, e con independencia de que dispoñan de contadores ou aparatos de medición de consumos de auga e/ou enerxía individualizados para cada un dos locais ou vivendas.

En caso de dispor de contadores ou aparatos de medida de consumos de auga e/ou enerxía separados para cada acceso desde o canón principal de escaleiras ou acceso análogo, entenderase, en todo caso, que se trata de tantas vivendas separadas como contadores ou aparatos de medida existan, con independencia de que dispoñan ou non de portas de acceso que as separen do canón de escaleiras ou acceso análogo

-Cafeterías, bares e similares: *Establecementos orientados principalmente á venda e consumo de bebidas e snacks en barra ou mesa, sen elaboración de pratos de restaurante nin servizo de comida (pode haber tapas frías ou requentadas). Inclúe bares de copas, cafés e teterías. Non inclúe restaurantes nin cátering.*

-Restaurantes con ou sen cafetería anexa: *Establecementos orientados á preparación e servizo habitual de comidas para consumo en sala, terraza, recollida ou repartición. Inclúe restaurantes tradicionais, autoservizo, comida rápida e “take away” cando a actividade principal é cociñar pratos*

- Servizos de hospedaxe: *Aloxamento temporal de persoas, con ou sen servizos complementarios (restauración, limpeza, spa etc). Abarca hoteis, hostais, pensións, turismo rural, apartamentos turísticos etc xestionados como establecemento e cámpings.*

-Tendas de alimentación, supermercados, hipermercados e industrias alimentarias: *Comercio retalista ou maiorista de alimentos e bebidas, tanto en tendas especializadas como en superficies non especializadas (supermercados /hipermercados etc). In-*



CONCELLO DE TEO

clúe industrias alimentarias de elaboración, transformación ou envasado de alimentos e bebidas.

-Banca, oficinas, despachos profesionais e artistas: *Inclúe bancos, despachos profesionais (xurídicos, fiscais, laborais, arquitectura/enxeñería, comunicación etc), consultorías, axencias/corredurías de seguros, servizos inmobiliarios, centros de negocios, coworking, e back-offices corporativos e calquera outro asimilable. Tamén comprende oficinas de entidades financeiras ou aseguradoras cando a súa actividade principal sexa de xestión ou asesoramento (sen orientación comercial ao detalle).*

-Actividades sanitarias e similares: *Prestación de asistencia sanitaria: hospitalaria, ambulatoria e especializada (consultas médicas, odontolóxicas, fisioterapia, análise clínicos, clínicas veterinarias etc).*

-Centros de ensinanza: *Educación regrada e non regrada en todos os niveis e disciplinas, incluíndo academias, escolas de idiomas, deportivas e de condución e outras similares.*

-Instalacións deportivas: *Explotación e xestión de recintos e servizos deportivos: polideportivos, piscinas, pistas, ximnasios e clubs con ou sen público e calquera outra similar.*

-Residencias, centros de día e similares: *Servizos sociais dirixidos a persoas maiores, dependentes ou colectivos específicos, con ou sen aloxamento: residencias, vivendas tuteladas, centros de día e unidades de estancia diúrna e calquera outra similar.*

- Locais comerciais: *comercio retalista non alimentario en establecementos especializados ou non especializados (moda, calzado, perfumería, óptica, libros, ferraxería, electrónica, farmacias, perruquerías etc.)*

- Aparcamientos: *Explotación de aparcamentos e garaxes públicos ou privados, en superficie ou subterráneos, con control de acceso e/o cobranza por estancia ou abono.*

- Almacéns: *Aqueles nos que se exerza unha actividade de depósito e almacenamento de bens e mercancías, con ou sen servizos loxísticos básicos. Quedan fora os establecementos con venda ao público (maiorista ou retalistas) e as actividades industriais con transformación ou reparación.*



CONCELLO DE TEO

- Fábricas e talleres industriais: establecementos onde se reciben, elaboran ou transforman as materias primas en produtos elaborados ou semielaborados.

-Superficie computable a efectos deste tributo: Para a aplicación das tarifas expostas -agás a tarifa de vivendas- terase en consideración a superficie declarada que conste para cada contribuínte na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas e no Censo de Obrigos Tributarios da A.E.A.T. actividade. Se non se exixira por non ser un elemento tributario a considerar, terase en conta a superficie construída do local pola que tributa no Imposto de Bens Inmóbles, excluíndose unicamente aquela superficie onde non existan edificacións ou construción e instalacións. Todo elo sen perxuízo de que se declare outra diversa diante da Administración municipal que será comprobada polos servizos técnicos municipais.

En todo caso a Administración poderá levar a cabo as comprobacións oportunas para determinar a superficie computable.

A superficie computable dos centros de ensino será, para este epígrafe, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poda impartir a ensinanza, e, caso de ter internado ou servizo de comida incluírase tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e cociñas. Non se incluírá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas.

Confluencia de actividades económicas nun mesmo local: Nos inmóbles onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nas Tarifas da Ordenanza tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda, sempre que todas as actividades ou usos correspondan á mesma persoa física ou xurídica.

Non obstante se dentro do mesmo inmóble existen locais diferenciados tributarán cada un deles pola tarifa que lles corresponda. A estes efectos, considérase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou dos empregados dende zoas comúns ou dende a vía pública.

Confluencia do uso vivenda e uso comercial nun mesmo inmóble: Cando dentro dun mesmo inmóble -local ou vivenda- se compatibilice o uso de vivenda e unha actividade empresarial, tributarase, separadamente, por ambas, aínda que o suxeito pasivo



CONCELLO DE TEO

de ambas sexa o mesmo, emitindo polo tanto liquidacións separadas como proceda, tomándose como superficie, a efectos da tarifa da actividade económica, a que deba computarse segundo o disposto no apartado de superficie computable

CAPÍTULO 5º . COTAS TRIBUTARIAS E TARIFA

Artigo 11º . Cota tributaria derivada da prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de vivenda ou local, cunha contía que se determinará en función da natureza, destino dos inmobles e produción media diaria de lixo.

No suposto de que conflúan no mesmo domicilio a vivenda e o domicilio fiscal do suxeito pasivo que esté dado de alta no IAE ou IRPF con actividade profesional, unicamente se devengará a taxa correspondente ó recibo de maior importe.

Artigo 12º . Tarifas

As Tarifas vixentes, desglosadas nos seus diferentes epígrafes, recóllense no anexo 1 da presente ordenanza.

CAPÍTULO 6º . PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

Artigo 13º . Período impositivo

Para aquelas prestacións de servizos públicos locais establecidos con carácter permanente, xa sexa a súa execución material continua ou esporádica, o período impositivo coincidirá co período obxecto de cobro, conforme o disposto no artigo 15 desta ordenanza.

Artigo 14º . Devengo

1º . Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento no que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

2º . En referencia á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos



CONCELLO DE TEO

dos urbanos asimilables, enténdese que tal acontece o primeiro día de cada ano natural, cando estea establecido e en funcionamento o devandito servizo nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, locais e aloxamentos susceptibles de seren ocupados ou utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa, con independencia do tempo de ocupación do local ou vivenda ó longo do ano e de que dita ocupación se refira á totalidade ou a parte da finca. A tales efectos, considérase que un inmovible é susceptible de ser ocupado ou utilizado cando estean en condicións de habitabilidade, que dispoñan ou non de auga potable ou outros subministros, con independencia de que estean ou non habitadas

2. Altas e declaracións

1. Produciranse as altas no padrón de recollida do lixo de vivendas coa correspondente alta a efectos do imposto sobre bens inmoables.

De non practicarse a correspondente declaración de alta no imposto sobre bens inmoables, sen prexuízo de que o propio concello poida declarala de oficio, estarase incorrendo en infracción cualificada como grave no artigo 184 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Sen embargo, poderá obviarse a infracción tributaria para os efectos exclusivos da presente taxa, así como a correspondente sanción, coa presentación de instancia ou escrito no que se formula declaración de alta no padrón de taxa de recollida de lixo de vivendas.

2. En relación con locais, comerciais, industriais ou profesionais os suxeitos pasivos, sexan contribuíntes ou substitutos, deberán presentar diante da Administración Municipal no prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día de ocupación efectiva do inmovible, declaración tributaria ao efecto, indicando, en todo caso, a referencia catastral do inmovible, o seu enderezo e acompañando copia do documento en que conste o título habilitante para ocupar o inmovible. Transcorrido dito prazo sen se presentar esa declaración, a Administración poderá efectuar de oficio a alta no correspondente Padrón Fiscal do tributo, sen prexuízo da tramitación do expediente sancionador que, no seu caso, proceda.

3. Os locais baleiros tributarán como vivendas, previa solicitude dos suxeitos pasivos.



CONCELLO DE TEO

4. Os titulares de actividades económicas deberán formular declaración de baixa, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao cese das súas actividades, aportando copia do documento acreditativo da baixa do correspondente censo tributario na A.E.A.T., se no seu día resultou esixible a súa alta en tal censo, ou, no seu defecto, declaración asinada a tal fin, a efectos de proceder, no seu caso, á oportuna devolución dos excesos indebidamente aboados tendo en conta en todo caso o prazo de prescripción de ditos dereitos de devolución.

Cando da información remitida pola A.E.A.T. se poña de manifesto para a Administración o cese de actividade nalgún local, esta poderá tramitar de oficio a baixa do correspondente Padrón Fiscal.

6. Os suxeitos pasivos desta taxa deberán cubrir as súas declaracións con indicación certa e completa do enderezo fiscal e número de identificación fiscal. Os suxeitos pasivos deberán presentar perante ao Concello as oportunas declaracións de alta, baixa e modificacións, subministrando os datos necesarios para a correcta aplicación da taxa, no prazo dun mes dende que se produza a adquisición, baixa, transmisión ou modificación. A continuación procederase a incluír ao novo suxeito pasivo no Padrón da taxa aos efectos correspondentes.

Cando se coñeza, de oficio ou por comunicación expresa aos servizos tributarios por parte dos interesados, calquera variación dos datos do Padrón fiscal, poderán realizarse as modificacións oportunas, previa instrución do expediente de comprobación que proceda, modificacións que surtirán efectos na confección do Padrón fiscal inmediato seguinte, sen prexuízo da regularización que resulte do expediente tramitado ao efecto en relación ao exercicio presente e/ou aos exercicios pasados non prescritos.

CAPÍTULO 7º . INGRESO DA DÉBEDA TRIBUTARIA

Artigo 15º . Ingreso definitivo

1º . O cobro das cotas referidas na tarifa número 1 desta ordenanza efectuarase mediante recibo no prazo que determine a notificación ós interesados que practique a administración de tributos, no caso de se producir a alta no servizo. No sucesivo e sen



CONCELLO DE TEO

mediar notificación, publicarase o período de cobranza do correspondente padrón fiscal desta taxa.

CAPÍTULO 8º . INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 16º. Réxime xeral

1º . En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2º . A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cotas devengadas.

Artigo 17º . Compatibilidade

A exacción das taxas que pola presente ordenanza se establecen, non exclúe o pagamento das sancións ou multas que procederán por infracción da ordenanza de hixiene urbana que se aprobe no seu caso e demais normativa legal vixente.

Disposición transitoria

Aos procedementos relativos a feitos impositivos reportados con anterioridade á modificación da Ordenanza, seralles de aplicación a versión vixente da Ordenanza reguladora das taxas á data do reporte. En ningún caso se aplicarán, de maneira retroactiva, as tarifas desta Ordenanza Fiscal, aínda que sexan máis favorables ao suxeito pasivo, pois só se aplicarán aos feitos impositivos producidos a partir da data da entrada en vigor da modificación

Disposición derogatoria única

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a ordenanza deste concello reguladora do prezo público por recollida de residuos sólidos publicada no BOP 298, do 30.12.1998.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Ofi-



CONCELLO DE TEO

cial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

EPÍGRAFES	€/ ANO
1. VIVIENDAS	
1.1. RECOLLIDA DIARIA	116,49 €
1.2. RECOLLIDA NON DIARIA	99,19 €
2. CAFETERIAS, BARES E SIMILARES SEN SERVICIO DE COMIDAS	
2.1. ATA 100 M2	232,44 €
2.2. MAIS DE 100 M2	416,73 €
3. RESTAURANTES	
3.1. ATA 100 M2	310,41 €
3.2. ENTRE 100 E 300 M2	556,64 €
3.3. MAIS DE 300 M2	1.025,64 €
4. SERVICIOS DE HOSPEDAXE	
4.1. ATA 5 HABITAC.	215,14 €
4.2. ENTRE 6 E 20 HABITAC.	444,63 €
4.3. ENTRE 21 E 40 HABITAC.	750,62 €
4.4. ENTRE 41 E 60 HABITAC.	1.022,61 €
4.5. ENTRE 61 E 80 HABITAC.	1.277,61 €
4.6. ENTRE 81 E 105 HABITAC.	1.541,10 €
4.7. MAIS DE 105 HABITAC.	2.212,58 €
TENDAS DE ALIMENTACION, SUPERMERCADOS, HIPERMERCADOS, INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	
5.1. ATA 60 m2	218,78 €
5.2. ENTRE 61 E 120 m2.	382,70 €
5.3. ENTRE 121 E 250 m2.	694,16 €
5.4. ENTRE 251 E 399 m2.	1.169,54 €
5.5. ENTRE 400 E 650 m2.	1.808,84 €
5.6. MAIS DE 650 m2.	2.546,50 €
6. BANCOS, OFICINAS, DESPACHOS PROFESIONAIS E ARTISTAS E SIMILARES	
6.1. ATA 50 m2	159,96 €
6.2. ENTRE 51 E 100 m2.	250,35 €
6.3. ENTRE 101 E 250 m2.	404,03 €
6.4. ENTRE 251 E 500 m2.	720,41 €



CONCELLO DE TEO

EPÍGRAFES	€/ ANO
6.5. MAIS DE 500 m2.	1.262,79 €
7. ACTIVIDADES SANITARIAS E SIMILARES	
7.1. ATA 90 m2	355,99 €
7.2. ENTRE 91 E 180 m2.	603,70 €
7.3. ENTRE 181 E 300 m2.	1.377,09 €
7.4. MAIS DE 300 m2	1.857,47 €
8. CENTROS ENSINANZA	
8.1. ATA 50 m2	160,98 €
8.2. ENTRE 51 E 100 m2.	252,66 €
8.3. ENTRE 101 E 250 m2.	408,52 €
8.4. ENTRE 251 E 500 m2.	775,24 €
8.5. MAIS DE 500 m2.	1.371,16 €
9. INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	
9.1. ATA 50 m2	204,21 €
9.2. ENTRE 51 E 100 m2.	252,78 €
9.3. ENTRE 101 E 250 m2.	335,35 €
9.4. ENTRE 251 E 500 m2.	529,63 €
9.5. ENTRE 501 E 799 m2.	796,76 €
9.6. IGUAL OU MAIOR DE 800 m2.	1.088,18 €
10.RESIDENCIAS, CENTROS DE DÍA E SIMILARES	
10.1. ATA 25 PLAZAS	1.188,21 €
10.2. ATA 26 E 50 PLAZAS	2.563,92 €
10.3. MAIS DE 50 PLAZAS	3.939,63 €
11. LOCAIS COMERCIAIS	
11.1. ATA 60 m2	172,18 €
11.2. ENTRE 61 E 120 m2.	277,86 €
11.3. ENTRE 121 E 250 m2.	478,64 €
11.4. ENTRE 251 E 399 m2.	785,10 €
11.5. ENTRE 400 E 650 m2.	1.197,24 €
11.6. MAIS DE 650 m2.	1.672,79 €
12. APARCAMIENTOS E ALMACÉNS	
12.1. ATA 1.000 m2	320,54 €
12.2. MAIS DE 1.000 m2	475,81 €
13. OUTRAS ACTIVIDADES	
13.1. ATA 60 m2	176,22 €
13.2. ENTRE 61 E 120 m2.	286,95 €
13.3. ENTRE 121 E 250 m2.	497,34 €
13.4. ENTRE 251 E 399 m2.	818,45 €
13.5. ENTRE 400 E 650 m2.	1.250,30 €
13.6. MAIS DE 650 m2.	1.748,58 €



CONCELLO DE TEO

EPÍGRAFES	€/ ANO
14. ACTIVIDADES INDEPENDIENTES	
14.1 GASOLINERAS (POR SURTIDOR)	282,17 €
14.2 FÁBRICAS E TALLERES	
14.2.1 FÁBRICAS E TALLERES - INFERIOR A 500 m2	257,63 €
14.2.2 FÁBRICAS E TALLERES - ENTRE 501 E 1000 m2	451,91 €
14.2.3 FÁBRICAS E TALLERES - SUPERIOR A 1000 m2	694,76 €

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A secretaria xeral

Visto e praxe

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Aprobación inicial modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana

EDICTO

Téndose aprobado provisionalmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data 29/10/2025, a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, e dando cumprimento ó disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, procédese a súa exposición pública para que durante o prazo de trinta días, a contar dende a publicación de este edicto no Boletín oficial da Provincia, os interesados poidan examinar o expediente e formular as reclamación que estimen oportunas.

Teo, 30 de outubro de 2025

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2025/7134